

**Área: Competicións**

**Circular nº 08 - Temp. 23/24**

## SUBIDA VÍDEOS PLATAFORMA MISQUAD

### **NORMATIVA:**

Lembramos a todos os clubs a obrigatoriedade de subir os vídeos dos partidos das categorías sénior masculina (1ª, 2ª e 3ª autonómica), sénior feminina (1ª e 2ª autonómica) xuvenil, cadete e infantil da Liga Ouro femininas e masculinas. Dende a Federación Galega de Balonmán, comunicárase ao Comité de Competición todas as incidencias sobre as subidas de vídeos nas competicións de liga, polo que se aplicará a normativa de forma estrita dende a primeira xornada.

Recomendamos que tamén suban os vídeos (aínda que non sexa obrigatorio), os equipos que participan en categorías prata para facilitar labores arbitrais e tamén da Área Técnica en canto a observación de xogadores/as.

### **INFORMACIÓN RELEVANTE:**

- Os encontros deben estar subidos en tempo e forma (antes do mércores posterior á disputa do encontro ás 20:00h e nun único arquivo).
- Os vídeos deberán ter unha resolución aceptable que permita o adecuado visionado do encontro.
- A cámara debe estar centrada evitando ángulos mortos.
- A cámara debe seguir a acción do balón e, sobre todo, non perderse ningún gol nin acción polémica.
- Supón unha infracción desta norma que o vídeo subido non conteña todo o partido completo ou se corte durante a súa reprodución.

En Vigo a 13 de xullo de 2023

